

# GALICIA, MÁIS QUE UNHA TERRA, UN SENTIMENTO

Por: Laureano Mayán Taboada



Habitualmente, as miñas colaboracións baséanse en traballos que nada teñen que ver co que nesta páxina se mostra.

Nas ocasións que realicei algún estudo, para a súa publicación, inclineime por temas que, normalmente, están relacionados coa nostalxia, a curiosidade, a lenda,...

Composición, medida, estrutura, verso, estrofa, signos gráficos... son compoñentes que me foron presentados fai moito tempo, pero cos que nunca cheguei a ter amizade.

Nesta ocasión, o meu atrevemento intento disculpalo pensando en que puxen todo o meu interese en darrle, ao meu entender, o mellor xeito posible a unhas palabras para que acabaran facendo versos.

Breogán



Palabras que transmiten non só o meu sentimento pola Terra na que nacín, vivo e desexo morrer, senón os meus desexos de concordia e solidariedade para todos os que temos a fortuna de estar ubicados neste Paraíso chamado Galicia.

Pido, humildemente, perdón a todas aquelas persoas que, con coñecementos sobre o tema, se percaten dos errores que, a bo seguro, cometín.

A man de Deus, non só lle deu forma a esta Terra. Tamén con ela sementou, gallardía e nobreza.

Fe, devoción, meigas, lendas, corazón, bondade, mitos, crenzas. Amabilidade, honradez, humildade, valor, lealdade, sacrificio, esperanza... campos de amor.

Se, coñecida foi, de antigo, co nome de Gallaecia, considerada foi, de sempre, Privilexio da Natureza.

Chuvia, néboa, lúa, sol, árbores, plantas, flores, verdor. Montes, vales, prados, serras, mares, ríos, praias... campos de estrelas.

Ditosos os ollos que puideron contemplar, das túas paisaxes, a sutil pureza das cores. Meniñas que se agrandan ó lembrar a sublime beleza dos mencerces e solpores.

¿De que enches o corazón da xente, que se achega a ti cantando? ¿Que lle quitas ós seus corazóns, que se van de ti chorando?

Non hai fronteiras para o mundo que mostra a súa fe a Santiago de Compostela. Máis... un monte, un río... marcan a terra: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra.

Que non nos dividan siglas, nin a cor dunha camiseta... ¡Si todo é Terra de Breogán baixo unha mesma bandeira!

Se vivir en ti é ledicia. Sentir morriña, lamento... É que es, meu curruncho, máis ca unha Terra, un sentimento.



EN TEMPORADA:  
Caza  
Lamprea  
Anguila  
ANPLIA CARTA

Restaurante

# Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN

